

## **AS RELACIÓNIS GALIZA-IRLANDA NA HISTORIOGRAFÍA (SÉCULOS XVI-XVIII)**

**Por Fernando PEREIRA GONZÁLEZ**

Departamento de Historia I  
Universidade de Santiago de Compostela

**Abstract:** Before the introduction of Breogan in galician historical discourse there were a group of stories dealing with the relations between Galiza and Éire in ancient times. This essay explores the presence of these stories in galician and spanish historiography, pointing to their origins and to their meaning as well.

**Key words:** Galician historiography, Irish legends.

### **1. INTRODUCIÓN. A IMPORTANCIA DE BREOGÁN**

Dende finais do século XIX unha das ideas-forza do celtismo galego contemporáneo ten sido a da existencia dunha irmandade entre Galiza e outros países considerados celtas, irmandade que se afirmaba (e se afirma) invocando tanto unhas orixes compartidas como unha común identidade cultural. E dentro dese conxunto de terras celtas foi sen dúbida Irlanda o país co cal os principais teorizadores do noso celtismo procuraron establecer máis a miúdo e con meirande força uns vencellos simbólicos baseados nun imaxinario e nunha retórica celtistas.

Para os celtistas galegos os paralelismos étnicos e culturais entre Galiza e Irlanda ficaban explicados por compartiren as dúas terras da fisterra atlántica unha mesma ascendencia céltica. A afirmación da irmandade céltica entre os dous países viña lexitimada polo recurso a unha lenda pseudo-histórica de orixe irlandesa que se introduciu na historiografía galega durante a segunda metade do século XIX: a lenda de Breogán. Este mítico personaxe, identificado como un caudillo celta, imaxinábase como o fundador epónimo da cidade de Brigancia na

Gallæcia (A Coruña ou Betanzos), dende a cal os seus descendentes pasaran a Irlanda e conquistarán a illa após venceren os seus antigos habitantes. Consonte este relato galaicos e gaélicos, dous pobos celtas, ficaban emparentados, sendo os primeiros os proxenitores ou devanceiros dos segundos. Grazas a el, polo tanto, a irmandade galego-irlandesa podía ser presentada como unha realidade que ía alén de simples coincidencias culturais e políticas, acadando en troques a categoría dun parentesco literal demostrado historicamente.

Os primeiros autores que introduciron a lenda de Breogán na historiografía galega foron Benito Vicetto e Manuel Murguía, no primeiro volume das súas respectivas *Historia de Galicia*, que os dous escritores publicaron no mesmo ano de 1865. Ningún dos dous autores manexaban a esa altura traducións directas daquelas fontes gaélicas nas que se narraban as aventuras de Breogán e dos seus descendentes, isto é, das distintas versións do *Lebor Gabála Érenn*, ou Libro da Conquista de Irlanda (traducións, polo demais, que ainda non existían por esa data). En troques eles recollerón a lenda de dúas fontes secundarias nas que aparecían un resumo ou fragmentos da mesma: *Ibernia Phœnicea* (1831) de Joaquín Lorenzo Villanueva, un sacerdote español exiliado en Irlanda (libro usado por Vicetto e por Murguía); e a obra do anticuario británico William Betham, *Etruria-Celtica*, publicada en dous volumes en 1842 (utilizada só por Murguía). Anos máis tarde, en 1901, cando Murguía tire do prelo o primeiro tomo da segunda edición da *Historia de Galicia*, xa estará a facer uso da tradución dunha fonte irlandesa orixinal: a tradución francesa (publicada en 1884) dunha versión serodia do *Lebor Gabála*, redixida no XVII polo anticuario Míchel Ó Cléirigh a partir de documentos máis antigos<sup>1</sup>.

Finalmente o paso máis importante na popularización da lenda de Breogán deuse coa tradución para o galego daqueles fragmentos do *Lebor Gabála Érenn* nos que se falaba de Breogán e da conquista de Irlanda dende a cidade de Brigancia polos milesianos que del descendían. A tradución publicouse nas páxinas da revista *Nós*, en varios números correspondentes ao ano 1931, e non estaba asinada. Malia isto non hai dúbida de que o autor da mesma foi Vicente Risco, daquela un dos máximos teorizadores do celtismo galego, e quen ademais manexara durante a súa estadía na Alemaña unha tradución inglesa da versión serodia do *Lebor Gabála* levada a cabo por Ó Cléirigh. Desa tradución inglesa, realizada por R. A. Stewart Macalister e John Mac Neill, e publicada en 1916, estaban tirados os fragmentos incluídos en *Nós*. Ademais nos comentarios que Risco engadiu á tradución galega a lenda interpretábase en termos do celtismo dominante e servía como unha proba da irmandade céltica entre Galiza e Irlanda, que tanto reivindicaban os homes de *Nós*.

Desta maneira, de Murguía a Risco, o celtismo galego apropiouse dunha tradición irlandesa que se adoptou como propia, en calidade de testemuño da

---

<sup>1</sup> Acerca das primeiras traducións e estudos do *Lebor Gabála Érenn* véxase CAREY (1993).

historia antiga de Galiza, aínda que fose en forma de lembranza bretemosa e semi-fabulosa duns feitos que atinxían ás migracións dos celtas galegos a través das augas do Atlántico.

Mais, malia a innégabel trascendencia que tivo a lenda de Breogán para o noso celtismo contemporáneo e para a crenza nunha irmandade céltica entre as dúas fiestras atlánticas, ela non tivo o monopolio exclusivo á hora de imaxinar a existencia de relacións entre Galiza e Irlanda durante a Antigüidade. Na historiografía decimonónica é posíbel dexergar como outros personaxes —o mítico Brigo ou os pobos galaicos dos Yernos e dos Brigantes— tiveron tamén un papel na defensa desa historia antiga compartida polas terras e as xentes da Gallaecia e da illa de Erin. Ademais a presenza deses personaxes non se detectaba únicamente naquelas obras e autores que eran anteriores á introdución da figura de Breogán, senón que eles tamén estaban presentes logo de que Breogán atopase un lugar de preferencia dentro do imaxinario celtista. Vicetto e Murguía, por exemplo, seguían a falar en cadansúa *Historia de Galicia dos Hiernos ou Yernos galegos* que na Antigüidade pasaran a ocupar as terras irlandesas, as cales recibirían en consecuencia o nome de Ierne. Polo demais a figura de Brigo, que estaba vincellada coa cidade de Brigancia e co antigo pobo dos Brigantes, tamén poboadores de Éire, aparecía ainda na obra de Vicetto e na historia de Betanzos escrita a finais da centuria por Manuel Martínez Santiso.

Precisamente o presente artigo pretende ser unha achega ao estudo das orixes e da evolución deses outros personaxes que antes da aparición de Breogán na historiografía galega foron protagonistas de distintos relatos, supostamente históricos, nos que se puñan de manifesto as relacións entre Galiza e Irlanda, e nos que se afirmaba en moitos casos un parentesco entre as dúas terras por mor do asentamento de xentes galegas na devandita illa. Cada un dos apartados que componen este traballo está consagrado aos diferentes protagonistas deses relatos —o rei Brigo, os personaxes das tradicións irlandesas, o príncipe Gatelo, e os pobos galaicos dos Yernos e Brigantes— e neles daranse noticias sobre a presenza dos mesmos nos textos históricos galegos e sobre a súa procedencia.

Os relatos acerca das relacións entre Galiza e Irlanda que se presentarán nas páxinas seguintes constituían un pequeno fragmento dun cadre histórico más amplio no que se representaba unha historia antiga de Galiza imaxinada polos escritores dos séculos XVII e XVIII. O pasado que se imaxinaba estaba destinado sobre todo a reivindicar as «glorias» do Reino de Galiza, que daquela só existía nominalmente e que moi pouco peso tiña no conxunto da monarquía española. De aí a insistencia en salientar a súa grande antigüidade, as virtudes e a avanzada cultura dos seus poboadores, a firmeza na fe cristiá e a valentía dos galegos, que se supuñan os auténticos forxadores de España e os protagonistas dunha infinidade de fazañas bélicas. Con isto axeitábbase ben a pretensión de sinalar os galegos coma conquistadores e poboadores de Irlanda e de Gran Bretaña, tal e como constaba nos relatos acerca de Gatelo, dos Brigantes e dos Yernos. Porén o lugar destes relatos na historiografía non deixaba de ser secundario na maior parte dos casos, ocupando nos escritos da época uns poucos parágrafos ou como

moito uns breves capítulos. As mencións a Irlanda nestas dúas centurias estaban lonxe de acadaren a importancia que despois tiveron no Celitismo contemporáneo.

Das diferentes posibilidades á hora de afirmar a presenza dos galegos en Éire, no século XVII optouse fundamentalmente pola lenda de Gatelo. Esta non só permitía amosar que os galegos conquistaran a illa e se asentaran nela (e despois en Escocia), senón que tamén afirmaba a existencia en Galiza dunha monarquía antiga e poderosa, contemporánea pero diferente doutros reinos peninsulares. Outras posibilidades, como as migracións dos Yernos, Brigantes e Siloros, foron menos contempladas polos anticuarios do XVII. Xa no XVIII a lenda de Gatelo entrara en devalo, de maneira que nesa centuria a afirmación dos vencellos con Irlanda dependeu sobre todo da narración das viaxes protagonizadas polos Yernos da Gallæcia, por máis que nin Gatelo nin Brigo desapareceron totalmente da historiografía galega.

Tres características dos relatos verbo das relacións Galiza/Éire deben ser salientadas. A primeira delas era a apropiación para a historia de Galiza de personaxes e de acontecementos que orixinariamente non lle pertencían (Brigo, os Siloros e os Brigantes), cando non se trataban sen máis dunha invención (os Yernos). A segunda era a dependencia da historiografía galega a respecto dos anticuarios españois do século XVI, e nomeadamente de Florián de Ocampo, de quen proviñan varios dos relatos que vencellaban a Galiza con Irlanda. A terceira, finalmente, atinxe ao emprego habitual de supostos parentescos lingüísticos como argumentos (ás veces os únicos) a prol das migracións dos galegos a Irlanda. En ocasións eran tamén os xogos lingüísticos os que permitían a apropiación de certos personaxes para a historia galega.

Aínda que este artigo ten como interese preferente a historiografía galega dos séculos XVII e XVIII, porén será necesario tamén ter en conta o contexto más amplio da historiografía hispánica, xa que a concepción da historia antiga de Galiza que se recollía na primeira derivaba en grande medida dos escritos de diversos autores españois do século XVI. Pois foron os historiadores e anticuarios dessa centuria —nomeadamente Florián de Ocampo, Ambrosio de Morales e Juan de Mariana— os auténticos forxadores dunha nova representación do pasado galego máis antigo, feita con novas fontes e novos métodos, a cal sobordaba as limitacións das crónicas medievais. Correspondeu á historiografía galega dos dous séculos seguintes adaptar e ampliar esa representación da historia antiga de Galiza con materiais diversos, pero mantendo sempre un mesmo esquema básico. Como se verá nas páxinas vindeiras, ese proceso de adaptación e de ampliación tamén pode ser dexergado naqueles relatos que falaban das relacións entre Galiza e Irlanda<sup>2</sup>.

<sup>2</sup> Nun futuro artigo será abordado dende a diferente perspectiva da historiografía irlandesa o mesmo tema das relacións entre Irlanda e Galiza na Antigüidade que é obxecto deste traballo. A el me permito remitir para fornecer máis detalles acerca de certas cuestións presentes nas fontes irlandesas que aquí só poden ser consideradas moi de esguello.

## 2. A HISTORIA DO REI BRIGO

Cronoloxicamente a lenda do rei Brigo foi un dos primeiros relatos nos que se afirmaron as relacións entre Irlanda e a Península Ibérica na historiografía española. Por iso será tratada en primeiro lugar, por máis que non fixo unha contribución especialmente importante ao motivo das conexións históricas entre Galiza e Éire.

A figura do rei Brigo apareceu por primeira vez a finais do século XV, na famosa obra do monxe italiano Giovanni Annio de Viterbo, publicada en 1498, onde se recollían falsos textos atribuídos a distintos autores da Antigüidade, así como comentarios aos mesmos achegados por Annio, quen posibelmente foi tamén o autor das falsificacións. Alén dos textos e dos comentarios a obra incluía tamén un libro dedicado integralmente aos más antigos reis hispánicos, no cal Annio desenvolvía máis polo miúdo a historia da primitiva monarquía española esbozada nos textos e nos comentarios precedentes. Esa deferencia pola historia hispánica explicábase sen dúbida polos desexos de Annio por honrar a ascendencia española dos seus patróns, os Borgia, más tamén era unha homenaxe aos reis Isabel e Fernando —a quen se dedicaba a obra—, que viñan de acabar definitivamente co dominio musulmán na Península Ibérica.

Annio de Viterbo recollía os nomes e a historia de vinte e catro reis españois, comezando por Tubal e rematando con Gárgoris. O cuarto deses monarcas era Brigo, quen comezaba a gobernar o ano 1917 antes da era cristiá. Este Brigo presentábase coma o rei de todo territorio peninsular e coma o fundador de numerosos castelos (ou *brigas*) por toda a súa xeografía, os cales levaban na súa denominación o testemuño do nome do seu creador: Lacobryga, Mirobryga, Volubryga ou Brygantum. Este último castelo situábaoo Annio na antiga provincia Tarraconense e probabelmente facía referencia á cidade de Brigantia ou Brigancia na Gallæcia, de tal xeito que implicitamente xa se sentaban as bases para unha futura relación de Brigo con Galiza.

Unha característica interesante da historia é que nela se daba pé a establecer unha relación entre España e Irlanda, pois a lenda de Brigo dicía que os españois, chamados entón Brygos, poboaran varias terras europeas, entre elas a illa de Hibernia. Ali podía acharse a pegada do seu nome no río Brigo e no pobo dos Brigantes (que o xeógrafo grego Ptolomeo situara en Éire).

Como acontecía con outros fabulosos monarcas hispánicos e con varios personaxes dos seus falsos textos, Annio de Viterbo creara a figura de Brigo inspirándose en certos nomes atopados nas fontes clásicas. Neste caso tratábase das antigas denominacións en *briga* que foran habituais na toponimia pre-romana da Península Ibérica. Igualmente a invención da historia das migracións dos Brygos tiña como base documental a presenza de nomes semellantes noutras lugares de Europa: Brygianum e Brygolam en Italia; ou o río Brigo e os Brigantes de Irlanda. O feito de achar noutras terras nomes co elemento *briga* era para o

Viterbense motivo sobexo para deducir que até alí chegaran as xentes do rei Brigo, orixinarias de España.

Como era de agardar, os reis fabulosos de Annio acadaron un enorme suceso na historiografía hispánica do século XVI, xa que grazas a eles se facía posíbel reivindicar para a monarquía española unha historia moi antiga e continuada, afirmándose asemade a primacía e a superioridade da civilización ibérica sobre Grecia e Roma. Así pois dende o comezo da centuria foron varios os autores que os incorporaron dentro dun novo relato acerca da historia antiga de España, incluíndose entre eles Juan de Rihuerga, Lorenzo de Padilla, Antonio de Nebrija e Lucio Marineo Sículo. Porén o principal popularizador das monarquías viterbianas dentro do pasado hispánico foi Florián de Ocampo, coa súa *Coronica General de España* (primeira edición de 1543).

Ocampo, igual cós seus predecesores, transmitía as noticias acerca do rei Brigo en termos moi semellantes aos que expusera orixinariamente Annio de Viterbo, salientando a fundación de castelos por todo o territorio peninsular e a expansión dos Brygos alén do seu territorio, incluída a ocupación da illa de Irlanda. Mais neste punto Ocampo ampliaba o relato inserindo o que semellaba ser unha nota persoal destinada a servir de confirmación á historia do poboamento de Irlanda polos Brygos ou Brigantes españois. Contaba Ocampo que el mesmo estivera en Irlanda, na cidade de Catafurda (Waterford), e que alí escoitara o testemuño dos habitantes da illa, quen se gabaran de teren unha orixe española e que polo tanto demostraban unha grande amizade a respecto dos españois que até alí chegaban: «*lo qual yo tuve por cosa nueva, puesto que conforme a su dicho dellos me recorde luego delo que quanto a este caso havia primero leydo por aquellas coronicas y glosas de Iuan de Viterbo*» (libro I; p. 20).

Pero Ocampo non limitaba o seu relato histórico verbo das relacións entre España e Irlanda á lenda de Brigo, senón que completaba esta con outros testemuños que daban conta igualmente do paso de xentes españolas á illa en épocas más ou menos recuadas. Para iso facía uso doutros personaxes, entre eles Yberno ou Hierno e o pobo dos Yernos, como se verá máis adiante. En calquera caso, o feito que sobranceaba do seu relato era que os propios *Yrládescos* afirmasen teren unha ascendencia española, da que ademais se mostraban orgullosos. Disto resultaba que para Ocampo existía unha coincidencia certa entre as noticias fornecidas por Annio de Viterbo e as tradicións dos mesmos irlandeses verbo da súa orixe, coincidencia que aparecía ademais como unha proba a prol da veracidade dos feitos.

Grazas a Florián de Ocampo e aos outros escritores que no século XVI seguiron as noticias do Viterbense, Brigo e o resto dos monarcas inventados polo monxe italiano pasaron a formar parte da representación habitual do pasado hispánico. Mais o personaxe de Brigo non se relacionaba con Galiza en ningunha das crónicas redixidas no XVI nas que se aceptaron as monarquías viterbianas. Por máis que algúns autores, como Ocampo, inclúían a poboación galaica de Brigancia dentro do grupo das antigas cidades que posuían o elemento *briga* derivado do

nome de Brigo, o certo era que non se dicía expresamente que a Brigancia galega fose unha fundación do devandito monarca. Tampouco ningún autor do XVI fixo dos Brygos ou Brigantes un pobo de ascendencia galega que logo se trasladou a Irlanda. Xa que logo na historiografía española desa centuria a lenda de Brigo, que creaba uns vencellos xenealóxicos entre España e Irlanda, nada tiña que ver con Galiza.

A conexión de Brigo con Galiza non se levou a cabo até o século XVII, momento no que apareceron unha boa cantidade de obras históricas acerca do pasado galego que foron escritas por autores galegos e foráneos, aínda que non todas se levaron ao prelo<sup>3</sup>. Correspondeu entón aos anticuarios que pescudaron nas *antigüidades galegas* recoller a figura de Brigo para facer del un rei da Galiza antiga, ou cando menos un personaxe relacionado con ela. Polo demais o proceso de apropiación de Brigo continuou a ser concibido dentro do contexto da historia das monarquías hispánicas inventadas por Annio de Viterbo, aínda que supuxo tamén a creación de adaptacións propias ao caso galego.

Mencións ao rei Brigo aparecían xa na chamada *Corónica grande del Reyno de Galicia* de Atanasio Lobera, escrita entre os anos de 1600 e 1605<sup>4</sup>. Alí dicíase que Brigo, cuarto rei de España, fundara moitos castelos en Galiza, e que por iso esta terra foi denominada Briga na Antigüidade. Un paso máis na apropiación da súa figura dexergábbase no libro de Gerónimo del Hoyo, *Memorias de las Iglesias del arcebispado de Santiago* (1607), no cal aparecía Brigo como fillo de Tubal e como fundador da cidade de Brigancia, a actual Betanzos, que así podía presentarse como a cidade galega máis antiga. En diante outros autores seguiron a facer referencias a Brigo en calidade de fundador de Brigancia, por máis que algúns identificaron esta con Betanzos namentres que outros optaron pola Coruña. Certos anticuarios —como Gerónimo del Hoyo, Joseph de Bugarín ou Pedro de Santa María Ulloa— fixeron de Brigo un rei da Galiza primitiva e así forneceron ao país de monarcas propios e de grande antigüidade. Bugarín e Ulloa dicían que Brigo fora nun primeiro momento rei na Galiza, onde fundara a cidade da Coruña, e que só máis tarde se convertera en monarca de toda España. Porén outros autores, como os irmáns Boán, malia mencionaren a Brigo no contexto do pasado galego, preferiron seguir más de perto o relato orixinal de Annio e consideraron a Brigo como un rei pan-hispánico, o cuarto, sen defenderen a primacía galaica que imaxinaran Bugarín e Ulloa. Aínda así os irmáns Boán non se privaron de crear conexións entre Brigo e o territorio galego: alén de ser el o fundador orixinal de Brigancio/Betanzos, o antigo monarca deixara as pegadas do seu nome nas terras de Galiza, conservado nos topónimos de Brigos (unha aldea perto de Chantada), de Arcobriga (unha antiga poboación ourensá) ou de Bergantiños.

<sup>3</sup> Sobre a historiografía galega dos séculos XVI-XVIII véxase BARREIRO FERNÁNDEZ (1988) e REY CASTELAO (2003).

<sup>4</sup> Consérvanse desta obra algúns folios manuscritos do seu borrador. Foron editados recentemente por RODRÍGUEZ MONTEDERRAMO (2002).

Outro aspecto da apropiación de Brigo para a historia de Galiza pasaba por relacionar o personaxe co pobo dos Brigantes galaicos que habitaran antigamente o país. Así Mauro Castellá Ferrer, na súa *Historia del Apóstol de Iesus Christo Santiago Zebedeo* (1610), dicía que do rei Brigo, cuarto monarca de España, derivaban os pobos Brigantes que noutrora habitaran na costa setentrional de Galiza, o nome dos cales áinda se conservaba nas terras de Bergantiños. O mesmo diría frei Paschasio Seguín no século XVIII. Porén unha identificación deses Brigantes galaicos con Brigo non foi a única opción posíbel na historiografía galega, pois existiron outras opinións nas que os Brigantes nada tiñan que ver co mítico rei do Viterbense [cf. o apartado 5].

Curiosamente tamén foi moi raro que na historiografía galega se realizase unha conexión entre Galiza e Irlanda por medio da lenda de Brigo, por máis que nas crónicas do XVI a relación da península coa illa ficara ben establecida grazas a ela. O certo é que os anticuarios galegos que no XVII introduciron a Brigo na historia de Galiza non desenvolveron todas as posibilidades que lles ofrecía a súa lenda, pois ningún deles chegou a dicir que dende as costas galegas as xentes de Brigo —os Brygos ou os Brigantes — pasaran a habitar en Éire. Mauro Castellá, por exemplo, non levaba os Brigantes galegos descendentes de Brigo a poboar Irlanda. Pola súa vez os irmáns Boán, quen si recollían a noticia de que Brigo enviara xentes para poboar a illa, non atribuían a esas xentes unha ascendencia galega, malia que eles tamén vencellaran a Brigo con Galiza; e cando falaban dos Brigantes galaicos non os relacionaban con Brigo.

Aparentemente foi un autor do século XVIII, Paschasio Seguín, o único que forxou unha conexión clara entre Galiza e Irlanda usando a lenda de Brigo. O relato en cuestión atopábase na súa obra *Galicia Reyno de Christo Sacramentado* (1750), que era un longo compendio das glorias dos galegos, a quem Seguín amosaba coma o pobo verdadeiramente eleixido pola divindade. Entre as moitas glorias coas que contaba o Reino de Galiza Seguín incluía os poboamentos que fixeran os antigos galegos en Irlanda, Inglaterra e noutras terras lonxincuas. Fora o pobo galego dos Brigantes, quen derivaban do rei español Brigo, as xentes que colonizaron Irlanda e maila illa veciña de Gran Bretaña. Para Seguín unha proba importante a prol disto era que os habitantes de Irlanda aceptaban como unha tradición ben asentada seren de ascendencia española.

Pero o interese de Seguín non estaba en absoluto orientado cara ás relacións entre Galiza e Irlanda que facilitaba a lenda de Brigo. El prefería fantasear coa posibilidade de os galegos seren os proxenitores de pobos famosos da Antigüidade, como os troianos e os romanos. Así, adaptando o relato de Annio de Viterbo aos seus propios intereses, Seguín dicía que os Brigantes galegos foran unha parte das colonias españolas que durante o reinado de Brigo saíran da península para poboaren Asia Menor (Frixia), Italia, Francia e as illas británicas. De ser certa esta historia, concluía Seguín, resultaría dela unha gran gloria para os galegos: a saber, «que sale Galicia Progenitora de los subtiles ingenios de Inglaterra, de los

*Famosos Heroes de Troya, de los celeberrimos Conquistadores Romanos»* (p. 175).

Con todo Seguín recoñecía honestamente que os máis eruditos coidaban seren fabulosos os antigos monarcas españois, Brigo entre eles. Aínda así, el non quería deixar de admitir que esas posíbeis fábulas ben podían ser un reflexo das verdadeiras fazañas levadas a cabo polos antigos galegos, quen de certo pasaran a habitar nas illas británicas, como se recollía nas fontes clásicas. E mesmo non sería tan estraño pensar que os galegos podían ser os devanceiros de troianos e de romanos, dado que Galiza fora a «nai» do resto dos pobos da Península Ibérica.

Pero a pesar dos esforzos de Seguín por manter a validez da lenda, no século XVIII o personaxe de Brigo era unha «extravagancia» na historia de Galiza e de España que moi poucos defendían xa. O mítico rei foi caendo no descrédito, coma o resto dos monarcas inventados polo Viterbense. Henrique Flórez, por exemplo, negou que os topónimos hispánicos que inclúfan o elemento *briga* fosen fundacións do fabuloso personaxe. En troques *briga* era unha verba celta que significaba «cidade». Pola súa vez os anticuarios galegos Antonio Rioboo Seixas e Joseph Cornide rexitieron as fábulas que fixeran de Brigo o fundador da antiga Brigancia e o construtor do faro da Coruña (aínda que Cornide confundía a Brigo co Breogán das lendas gaélicas, xa que con anterioridade nunca se relacionara a Brigo co faro).

Pero a historiografía galega decimonónica aínda reservaría un lugar para Brigo, nomeadamente nas historias locais: así Brigo aparecía coma fundador de Betanzos nos escritos de Manuel Verín Seixas e de Manuel Martínez Santiso. O propio Vicetto fixo de Brigo unha personificación dos primeiros poboadores de Galiza e mesmo chegou a defender a súa existencia histórica baseándose nos xa coñecidos xogos etimolóxicos cos topónimos de Brigancia e Bergantiños.

### 3. AS TRADICIÓNIS IRLANDESAS

Dende a Idade Media as tradicións históricas irlandesas foran unánimes á hora de afirmaren que o poboamento de Éire se realizara principalmente dende a Península Ibérica, en momentos distintos e por xentes diferentes. Sobranceaba sobre todo a lenda de orixe dos gaélicos, a cal incluía o episodio da fundación da cidade de Brigancia e da torre de Breogán no norte de España. Porén tamén é certo que nas obras medievais irlandesas aínda non se situaba expresamente a cidade de Brigancia en Galiza, localización que non se comezou a facer até despois da Idade Media.

As lendas do *Lebor Gabála* estaban contidas en manuscritos en gaélico, incomprendíbeis para os eruditos do Continente. Pero xa dende a época medieval existiran tamén algunas obras en latín, redixidas por autores non irlandeses, nas que se recollían resumos ou fragmentos das tradicións históricas irlandesas. Iso acontecía, por exemplo, en tres libros moi coñecidos dentro do ámbito británico:

a *Historia Brittonum* atribuída a Nennius (s. IX); a *Topographia Hiberniae* de Giraldus Cambrensis (s. XII); e o *Polychronicon* de Ralph Higden (s. XIV). A partir do século XVI aumentou consideravelmente o número de obras escritas en latín (ou en inglés) nas que se estudaban as *antigüidades* irlandesas no contexto máis amplo da erudición europea e nas que se daba conta das tradicións do *Lebor Gabála*. Algunhas desas obras foran escritas por autores irlandeses e estaban destinadas a seren unha apoloxía da illa, da súa historia e dos seus habitantes, situadas en aberta polémica con varios escritores británicos que tiñan unha idea moito menos positiva de Irlanda. Estas polémicas viñan motivadas polo contexto conflitivo da recente conquista inglesa da illa e pola resistencia dos seus habitantes á mesma, ao que se engadían as desavanzas relixiosas entre os conquistadores protestantes e os irlandeses católicos. Nalgúns casos os eruditos irlandeses escribiran os seus libros no exilio europeo, dando a coñecer así aos seus contemporáneos non só os feitos que estaban a acontecer en Irlanda no presente, senón tamén a historia e mailas tradicións culturais da illa (cf. LEERSSEN, 1997).

Dende finais do XVI foron moitos os irlandeses que procuraron un refuxio en España fuxindo da represión levada a cabo na illa polos británicos. Pero este feito e o aumento das obras sobre as *antigüidades* irlandesas accesíbeis en Europa non se viron reflectidos nunha presenza significativa na historiografía hispánica daquelas lendas gaélicas que falaban do poboamento da illa dende a Península Ibérica, mesmo a pesar de que as relacións entre as dúas terras non deixaron de ser salientadas por todos os anticuarios irlandeses e británicos. Se ben na historiografía peninsular dos séculos XVI-XVIII non se puxeron nunca en dúbida as relacións históricas entre España e Irlanda, o certo é que, na maioría dos casos, os argumentos que serviron para afirmalas non pertencían directamente á tradipción irlandesa. En troques as referencias a esta nos autores españois e galegos foron escassas e pouco importantes.

A pegada máis clara do *Lebor Gabála* na historiografía do XVII atopábase nas *Excellencias y primacias del Apostol Santiago el Mayor* (1658) de Antonio Calderón e Gerónimo Pardo Villarroel, obra de temática xacobea na cal se defendía a predicación do apóstolo Santiago en España e en Irlanda. Na segunda parte das *Excellencias*, da autoría de Pardo Villarroel, e precisamente no lugar onde se afirmaba a predicación de Santiago en Éire, incluíase un longo parágrafo no que se daba conta da orixe hispánica dos irlandeses, opinión que se dicía ser común entre os escritores da illa e os españois. Nese parágrafo Pardo Villarroel relataba brevemente a historia que contaba como Ythio (Ith no *Lebor Gabála*), o irmán do rei de España Milesio, cruzara o mar e visitara Irlanda, sendo asasinado polos seus habitantes, os cales maliciaban que esa visita puidese ser o comezo da chegada á illa de xentes estrañas. En venganza da morte de Ythio o seu irmán Milesio enviou á illa unha frota dirixida polos seus fillos e Irlanda foi conquistada e sometida ao poder do rei español. A este relato engadía Pardo a noticia de que a ascendencia española era aceptada por todas as familias nobres irlandesas, as

cales eran quen de tracexaren a liñaxe dos seus devanceiros «*hasta encontrar con el tróco Español*» (libro II, pp. 74-75).

Esa narración, que pertencia á tradición do *Lebor Gabála* e que formaba parte da lenda da orixe dos gaélicos, estaba tirada, consonte recončeza Pardo Villarroel, da obra dun escritor irlandés: Felipe Osullevan (Philip O'Sullivan Beare). A obra en cuestión era o *Historiae Catholicæ Iberniæ Compendium*, publicado en Lisboa en 1621. Philip O'Sullivan formaba parte do grupo de irlandeses exiliados en España logo da derrota do levantamento irlandés contra os ingleses entre 1595 e 1603. Estudou na universidade compostelá e posteriormente serviu como soldado nas tropas españolas, igual que fixeron tantos dos seus compatriotas durante o século XVII. O *Compendium*, aínda que se centraba nos acontecementos contemporáneos e tentaba explicar cales foran as causas da derrota irlandesa, incluía tamén nos primeiros capítulos unha descripción da illa e uns breves apuntamentos sobre a primitiva historia de Irlanda que se limitaban a resumir a lenda de Breogán (aquí denominado significativamente Brigo, coma o mítico rei inventado por Annio de Viterbo), de Ith (Ithius) e da conquista da illa polos fillos de Milius (Milius). O'Sullivan tamén salientaba que toda a nobreza gaélica descendía dos catro xefes españois, fillos de Milius e de Ithius, que conquistaran Irlanda como venganza pola morte do segundo (5).

As noticias que daba Pardo Villarroel acerca da historia de Ythio seguían de perto a narración de O'Sullivan Beare. Porén o escritor español non mencionaba a Brigo/Breogán, rei de España consonte O'Sullivan e o avó de Ithius e de Milius. Ademais cómpre salientar que nin O'Sullivan nin Pardo situaban o reinado de Brigo ou de Milius en Galiza, pois só se falaba deles como reis de España en xeral. Igualmente O'Sullivan, quen si falaba de Brigo/Breogán, nada dicía acerca da cidade de Brigancia nin da torre que Breogán fixera construír alí —e dende a cal, segundo se dicía no *Lebor Gabála*, Ith dexergara alén mar a illa de Irlanda, visión que fora o motivo da súa viaxe até ela.

Xa que logo esta clara referencia ás tradicións gaélicas na historiografía española do XVII paradoxalmente non incluía ningunha mención a Galiza nin aos seus vencellos con Irlanda, pois os elementos claves que eran necesarios para iso —Breogán, a cidade de Brigancia e maila torre— estaban ausentes no escrito de Pardo Villarroel.

Pegadas menos directas da historia lendaria irlandesa quizais se podían albiscar xa na centuria anterior. Era na *Coronica de Ocampo* onde se atopaban os testemuños. Falábase aí de «*cierto varon Español*» de nome Yberno ou Hierno, habitante da costa setentrional da península, quen estando a navegar coa súa xente foi conducido por unha tempestade até a illa de Irlanda, a cal daquela estaba aínda despoboada. Foi así como a illa adquiriu os seus primeiros habitantes e o seu primeiro nome, xa que do nome do varón español pasou a ser chamada

<sup>5</sup> Sobre Philip O'Sullivan Beare e a súa obra cf. CARROLL (1999) e MORGAN (2001).

Ybernia ou Hierna. É probábel que esta lenda recollida por Ocampo derivase daquelhas narracións gaélicas medievais nas que se contaba como Irlanda fora poboada por primeira vez con xentes procedentes de España que aportaran á illa de xeito fortuito, por exemplo mariñeiros levados por un trebón. Desta lenda existiron diferentes versións, algunhas das cales se incorporaron despois dentro de obras medievais en latín que popularizaron unha variante determinada. Debeu ser a través dunha tradición que dependía na derradeira dasas versións latinas como a historia chegou a entrar na *Corónica de Ocampo*.

Máis tarde esta lenda sobre Ybernio ou Hierno, que se esteaba na historia mítica irlandesa, combinouse cun dos personaxes inventados polo Viterbense: Ibero, o segundo monarca hispánico, de quen proviña o nome de Iberia dado á península. Foi así que varios autores españoles dos séculos XVI e XVII contaron que ese rei enviou xentes españolas a poboar Irlanda, a cal dende entón recibiu tamén o nome de Hiberia, logo trocado en Hibernia. Para defender este argumento contábase ademais coa autoridade de Isidoro de Sevilla, quen na súas *Etimoloxías* fixera derivar o nome de Hibernia de Iberia en razón de que unha parte da illa estaba orientada contra a península.

Na historiografía galega as pegadas das tradicións gaélicas foron aínda máis febles e apenas se usaron na afirmación dos vínculos con Irlanda.

A única mención (indirecta) á lenda de Breogán achábase na pequena monografía que Joseph Cornide dedicou en 1792 ao faro romano da Coruña. Nese traballo, en dous parágrafos introdutorios nos que se facía unha breve referencia ás lendas medievais relacionadas coa torre, o anticuario coruñés mencionaba a Brigo (é dicir, Breogán) como un dos fabulosos personaxes, a carón de Hércules e de Hispalo, aos que se lles atribuía noutrora a construción do edificio. Cornide, por suposto, desbotaba esas fábulas e más adiante aseguraba non dar ningún valor a aqueles escritores irlandeses, «que para aumentar la antigüedad de sus ascendientes suponen viages y hazañas en nuestra costa de Galicia y vecindades de esta Torre» (p. 6), en clara referencia ás lendas de Breogán e de Ith. Cornide coñecía as lendas gaélicas por medio das obras de dous autores irlandeses do século XVIII que el posuía na súa biblioteca: Silvester O'Halloran, autor dunha *General History of Ireland* (1778), e o abade Mageoghegan, autor da *Histoire de l'Irlande ancienne et moderne* (1758-1763). Se ben O'Halloran identificaba a Brigancia erixida por Breogán coa actual cidade da Coruña e o faro coruñés coa torre de Breogán, pola súa vez Mageoghegan identificaba Brigancia con Bragança e non falaba da torre. Pero no caso de Cornide, quen rexitaba esas historias, o coñecemento das tradicións irlandesas non serviu para que a través delas se defendese un parentesco entre os galegos e os irlandeses, como si farían máis tarde Murguía e os autores celtistas posteriores.

Ademais Cornide pescudaba, erroneamente, as orixes da lenda de Breogán no escocés Hector Boecio (quen falaba de Gatelo, mais non de Breogán), na Crónica de Troia de Guido de Colomna (século XIII) e na *Estoria de Espanna* de Afonso X.

Outro anticuario galego do XVIII, Juan Sobreira Salgado, coñeceu tamén as tradicións gaélicas, tal e como se puña de manifesto no seu manuscrito titulado *Galicia Illustre*. Neste traballo, co gallo de dar conta da ascendencia das familias da nobreza galega e referíndose á liñaxe dos Osorios, Sobreira especulaba coa posibilidade de que os escitas que poboaran Irlanda pasasen á illa dende Galiza. Engadía ademais a noticia de que algunas xentes da Galiza, como os lernos que vivían nas ribeiras do Ierna/Umia, quizais foron a Irlanda acompañando os escitas. Segundo el este feito histórico ficaría demostrado pola existencia en Irlanda de apelidos de procedencia galega, como o era o dos Osorio (Ossory). Reflectíanse nesta argumentación de Sobreira algunas das ideas básicas que eran propias da lenda de orixe dos gaélicos: que os gaélicos descendían dos escitas; e que antes de se asentaren definitivamente en Éire os escitas-gaélicos habitaran en España, dende a cal pasaron despois á illa, consonte narraba a historia de Ith e dos fillos de Milidh.

Sobreira recollía estas dúas ideas que eran básicas na tradición irlandesa e combinábaas con outras teorías presentes na historiografía do XVIII, por exemplo a historia dos lernos e a identificación dos escitas cos celtas, suevos e godos. Mais con todo ese material á súa disposición el construía unha teoría pouco clara, que ademais semellaba desbotar ao final do seu argumento, cando dicía que os Osorios non foran nin lernos, nin celtas nin godos, senón que foran simplemente «*españoles legítimos*».

Finalmente, para dar cabo deste apartado, cómpre sinalar que na *Historia de Galicia* do xesuíta Benito Vázquez se albiscaba a presenza dunha das variantes da lenda do poboamento de Irlanda dende España, variante que fora transmitida dende a Idade Media por algúns escritores británicos e que aínda nos séculos XVI e XVII seguía a se considerar unha teoría válida. Vázquez contaba que o rei britón Gurguncio atopara no mar perto de Éire unha frota de galegos que estaban na procura de novos territorios para poboar. O monarca, sabendo que os galaicos tiñan merecida sona de seren bos guerreiros, concedeules como novo fogar a terra de Irlanda, que daquela estaba despoboada. O xesuíta presentaba este feito como o segundo poboamento da illa polos galegos, xa que o primeiro tivera lugar en tempos precedentes, cando reinaban na Galiza Gatelo e os seus descendentes [cf. o apartado seguinte].

Vázquez citaba como fonte deste relato a Ricardo Stanishursto, é dicir Richard Stanihurst, un autor católico anglo-irlandés que publicara dúas obras sobre a historia de Irlanda a finais do século XVI: *De rebus in Hibernia gestis* (1584) e a parte correspondente a Éire nas *Chronicles* de Raphael Holinshed (1587). Nas dúas obras Stanihurst contaba que o rei britón Gurguntius permitira a un grupo de españois perdidos no mar se asentaren nunha Irlanda baleira de xente. Mais en ningún momento dicía que aqueles fosen galegos. En troques el sinalaba que procedían das terras vasco-francesas de Bayonne. Os autores medievais nos que se apoia Stanihurst tampouco non cualificaban de galegos os españois que atopara Gurguntius. En troques tanto Geoffrey de Monmouth como Giraldus

Cambreñsis, e máis tarde Ralph Higden, identificaron os españois do relato como *Basclenses*. Con isto abríase a posibilidade de defender os vencellos xenealóxicos entre Éire e Euskadi (algo que fixeron bastantes autores até o século XIX).

Como xa acontecera noutras ocasións, un anticuario galego, neste caso Benito Vázquez, tivo a iniciativa de transferir para as *antigüidades* galegas algúns feitos e personaxes do pasado que orixinariamente non pertencían á historia de Galiza, pero dos que era posíbel apropiarse levando a cabo unha lixeira modificación dos argumentos e das probas. Quizais neste exemplo, un de tantos, a oportunidade para a apropiación de «glorias» alleas viuse no paralelismo dos nomes entre a Bayonne cantábrica e a Baiona galega, aínda que non hai que desbotar a influencia que puideron ter as outras historias existentes no século XVII acerca das xentes galaicas viaxando até Irlanda. Cómpre dicir, porén, que na obra de Vázquez a historia que se acaba de contar ocupaba unha posición moi secundaria, sendo para el a lenda de Gatelo o argumento esencial á hora de afirmar as relacións de Galiza con Irlanda.

#### 4. GATELO E O POBOAMENTO DE IRLANDA

Se ben o personaxe de Gatelo deriva das lendas gaélicas, a súa figura merece ser tratada nun apartado de seu, tanto pola súa particular evolución que o afastou das tradicións orixinais, como pola significación que acadou na historiografía galega do XVII (6).

Gatelo proviña das tradicións irlandesas que logo ficaron recollidas nas diversas versións do *Lebor Gabála Érenn*, sendo o personaxe unha derivación da figura de Gaedhil, o mítico devanceiro epónimo dos gaélicos ou irlandeses. Pero co paso do tempo Gatelo pasou a pertencer propiamente á memoria histórica escocesa, de tal xeito que unha vez incorporado dentro dela a súa lenda arredouse en numerosos detalles dos relatos irlandeses orixinais. A lenda foi introducida en terras escocesas polos colonos irlandeses que se viñan asentando nelas dende o século V da era cristiá, creando alí o reino de Dal Riada e máis tarde, a partir dos séculos IX e X, o reino de Alba ou Escocia. Precisamente a constitución desta última entidade política trouxo consigo a necesidade de inventar un mito que explicase e lexitimase as orixes do reino, para o que se acudiu á historia do grego Gatelo e da súa muller Scota, os primeiros fundadores do pobo e da monarquía dos escotos ou escoceses. Esta historia presentaba á parella e aos seus acompañantes, unha mestura de gregos e de exípcios, saíndo de Exipto e viaxando polos mares até aportaren ás costas do noroeste ibérico, no territorio galaico. Alí Gatelo

<sup>6</sup> Nun traballo anterior xa me ocupei da orixe da lenda de Gatelo e da súa presenza na historia de Galiza; cf. PEREIRA GONZÁLEZ (2002). Por iso non será necesario dar de novo aquí os detalles que xa se trataron con anterioridade, abondando no entanto con salientar aqueles trazos más característicos.

fundaba a cidade de Brigancia, identificada con Compostela en varias crónicas escocesas. Co paso do tempo unha parte das xentes sobre as que gobernaba Gatelo, dirixidas polos fillos, netos e bisnetos deste (Ibero, Emeco, Metelo, Hermoneo, etc.), pasaban a ocupar a illa de Irlanda, onde fundaban un novo reino logo de conquistaren e de civilizaren os seus atrasados habitantes. Finalmente os escotos de Irlanda colonizaban o norte da veciña illa de Britania e alí forxaban o reino que levaría o nome de Escocia (de Scota, a dona de Gatelo).

Os primeiros testemuños más ou menos completos da lenda de Gatelo aparecen recollidos nas fontes escocesas contra finais da Idade Media (séculos XIII e XIV), coincidindo cos primeiros pasos do reino escocés e coas relacións conflitivas co seu veciño inglés. Do século XVI datan as versións más completas da historia, nomeadamente a de Hector Boece na súa *Scotorum Historiæ a prima gentis origine* (1527). Porén nesa mesma centuria xorden tamén duras críticas á tradición feitas por importantes eruditos escoceses como John Mair e George Buchanan, quen xa rexeitaban como fabulosos o personaxe de Gatelo e o resto dos protagonistas e sucesos da historia. Encetaba así o devalo da tradición, por máis que esta se mantivo na historiografía escocesa até o século XVIII, se ben de maneira marxinal (cf. FERGUSON, 1998).

Polo tanto, malia a que a orixe última de Gatelo estaba nas tradicións irlandesas, nos séculos XVI e XVII a súa lenda pertencia plenamente ao eido da historiografía escocesa e non ao *Lebor Gabála Érenn*. Así o recoñecían os propios anticuarios irlandeses, quen defendían as tradicións propias fronte ao que eles consideraban como as versións falsas da súa historia transmitidas polas crónicas escoceses —é dicir, a lenda de Gatelo tal e como a presentara Hector Boece.

Igualmente cando o personaxe de Gatelo entre na historiografía galega durante o século XVII, será como unha figura importada das crónicas escocesas (nomeadamente da obra de Boece) e non como un empréstimo das tradicións irlandesas á antiga historia de Galiza. Así o percibiron todos aqueles autores que no XVII incluíron a Gatelo nas *antigüidades* galegas, conscientes de que estaban a empregar un relato que proviña de escritores escoceses. Aínda que sexa paradoxal, o certo é que a presenza máis importante das lendas gaélicas na historiografía galega anterior ao XIX tivo como protagonista a un personaxe que xa non pertencia á historia de Irlanda, senón que era propiedade da veciña Escocia.

Pero antes de apareceren na historiografía galega, Gatelo e a súa historia xa estiveron presentes nos escritos de certos autores españoles do XVI. Por exemplo a *Monarchia Ecclesiastica* de Juan de Pineda (1588) incluía a lenda no intre de dar conta da antiga historia das illas británicas. Ademais Pineda, que se apoia no libro de Hector Boece, foi un autor clave na posterior introdución de Gatelo na historiografía galega. Porén tamén é certo que, fóra das obras dedicadas á historia de Galiza, a presenza de Gatelo foi mínima na historiografía peninsular dos séculos XVI e XVII, pois non apareceu en ningún dos libros e autores importantes do período.

Na historiografía galega o interese pola lenda de Gatelo resulta evidente dende comezos do século XVII. Breves mencións ao personaxe e á fundación por el da cidade de Brigancia apareceron nalgúns autores da primeira metade da centuria: Atanasio Lobera, Prudencio de Sandoval, Castellá Ferrer e Baltasar Porreño. Lobera era o único que falaba de xeito explícito das relacións de Galiza con Irlanda, dicindo que Thanao, «*gallego natural de Brigancio*» (A Coruña), e un dos descendentes de Gatelo, pasara a vivir na illa de Hibernia e que os seus descendentes recibirían o nome de Brigantes, xentes que despois se trasladaran a Inglaterra e Escocia. É moi probábel que noutros capítulos da súa perdida *Corónica grande del Reyno de Galicia* Lobera, seguindo de perto a Juan de Pineda, narrase máis polo miúdo a lenda de Gatelo e dos seus descendentes, incluída a ocupación de Irlanda polos galegos.

Co tempo as referencias á lenda de Gatelo aumentaron e tamén acadaron unha meirande consistencia, ademais de se inseriren dentro das representacións habituais do pasado galego. Os irmáns Boán chegaron mesmo a introducir o personaxe no falso «crónicón» de Don Servando, suposta crónica medieval forxada por eles. Pasenxo a lenda de Gatelo foi adquirindo maior extensión e importancia dentro da historia antiga de Galiza imaxinada no século XVII. Así o testemuñaban a *Historia de Galicia* dos Boán e os perdidos *Annales del Reyno de Galicia* de Joseph de Bugarín. No «compendio» destes *Annales*, que se conserva manuscrito cos títulos dos capítulos da obra, obsérvase que algúns se dedicaban integralmente á devandita lenda, salientándose sobre todo que «*los Yrlandeses, escozeses y yngleses descenden de Galicia*».

A narración más completa da lenda, que seguía a versión dada por Hector Boece no XVI, estaba recollida en senllas obras sobre a historia de Galiza escritas por dous escritores ourensáns da Compañía de Xesús: Benito Vázquez e Juan Álvarez Soutelo. Para estes dous historiadores xesuitas, Gatelo, o seu fillo Ibero e o seu neto Metelo, formaban parte da antiga monarquía galega, a cal tiña o seu centro na cidade de Brigancio (Betanzos). Foi esta monarquía galega a que enviou as súas xentes alén mar para poboaren terras lonxincuas, primeiro Irlanda e despois Escocia. Nelas terras crearon novos reinos que nun comezo estiveron estreitamente vencellados co berce galaico. Así os primeiros monarcas de Irlanda foron os irmáns dos reis descendentes de Gatelo que seguían a gobernar en Brigancio. E cando os galegos de Irlanda precisaban de axuda para loitaren contra os indíxenas da illa, que non sempre se amosaron contentos co dominio estranxeiro que se lles impuxera, sempre acodían canda os seus parentes da Galiza. A lenda dicía tamén que, anos máis tarde, un nobre galego de nome Simón Breco fora a persoa escolleita polos notábeis galegos de Irlanda para ser o novo rei da illa, elección grazas á cal se conseguira pór un remate ás guerras intestinas que viñan devastando o país.

Tanto Vázquez como Álvarez Soutelo coidaban que a lembranza da historia de Gatelo e dos seus descendentes fornecía a Galiza de importantes «glorias»: unha historia moi antiga; unha liñaxe real propia con poderosos monarcas de ascenden-

cia famosa (greco-exipcia); unha avanzada civilización; conquistas e colonizacions dos galegos; e a paternidade de dous reinos, Irlanda e Escocia, que se orixinaran nas valentes xentes galegas que cruzaron as augas atlánticas en embarcacións feitas de coiros e madeira. Enténdese así que os dous autores, e sobre todo Vázquez, narrasen con detalle as aventuras propias da lenda. Con todo, eles interrompían o relato no momento en que os descendentes de Gatelo se asentaban no territorio escocés. Neste punto as fontes escocesas deixaban de dar noticias acerca da monarquía galaica e xa non se interesaban polos devanceiros que habitaban en Brigancia, centrándose exclusivamente nos reis escoceses derivados de Gatelo. Dado o silencio das fontes orixinais (Hector Boece), Vázquez e Soutelo tamén optaban por calar e continuaban os seus relatos verbo do pasado galego presentando outros protagonistas (gregos, celtas, etc.).

O século XVII foi a época de meirande suceso para a lenda de Gatelo na historiografía galega. De feito era ela o principal relato polo que se afirmaban as relacións entre Galiza e Irlanda. Neste sentido, á hora de imaxinar vencellos entre as dúas terras atlánticas, Gatelo foi para os anticuarios galegos moito máis importante ca Brigo e as tradicións do *Lebor Gabála*. Porén Gatelo non foi universalmente aceptado por todos os que no XVII escribiron sobre o pasado galego, pois houbo varios autores que non o nomearon nas súas obras (aínda que tampouco non o rexitieron abertamente).

Na centuria seguinte o destino do personaxe foi ben diferente, sendo moi poucos os que admitiron a tradición herdada do século anterior. Un dos que si a aceptou foi frei Jacobo de Castro, quen publicou no 1722 unha historia sobre a provincia franciscana de Compostela, dentro da que incluía tamén a illa de Irlanda. El lembra precisamente a lenda de Gatelo para xustificar así as relacións que dende antigo uniran a Éire con Galiza, relacións que serían continuadas máis tarde polas predicacións na illa do apóstolo Santiago e dos discípulos que Francisco de Asís enviou dende Galiza.

Mais a grande maioría dos que trataron das *antigüidades* galegas no XVIII esqueceron a Gatelo ou ben este foi rexitido expresamente. Para eles as aventuras do príncipe grego fundador de Brigancia e dos seus descendentes que colonizaran Irlanda non eran senón fábulas absurdas que merecían un esquecemento definitivo, por seren propias dos tempos escuros da historiografía, cando a historia de España e de Galiza estaban contaminadas polas mentiras dos falsos «cronicóns» e dos reis inventados do Viterbense. En diante foron moi poucos os que lembraron que noutrora os monarcas de Galiza reinaron tamén en Irlanda.

## 5. AS VIAJES DE YERNOS E BRIGANTES

Ningunha fonte antiga coñecida falaba expresamente da existencia de relacións entre os habitantes da Gallæcia con aqueles de Irlanda ou da illa de Britania. Pero a pesar deste silencio dos autores da Antigüidade clásica, os seus escritos

tamén puideron ser empregados por aqueles anticuarios galegos que quixeron afirmar a presenza dos galaicos en Irlanda nos tempos antigos. A utilización das fontes clásicas con esa finaldade implicaba sometelas unha «manipulación» que atinxía ao seu contido e á interpretación do mesmo. Así foi como na historiografía galega atopamos tres relatos nos que se daba conta do paso de xentes galaicas —os Brigantes, os Yernos e os Siloros— ás illas de Irlanda e Britania. En cada un destes tres casos a fonte última de inspiración eran determinadas noticias tiradas dos escritores greco-romanos, co cal, en apariencia, as relacións atlánticas entre Galiza e as illas británicas ficaban apoidadas na autoridade dos autores clásicos. Pero a realidade era que se facía precisa unha reformulación das noticias en cuestión para que estas chegassen a fornecer os resultados agardados.

A continuación analizarei cada un dos tres casos por separado, comezando polos Brigantes e seguindo cos Yernos e os Siloros.

Certos autores clásicos que describiron as illas británicas sinalaron a presenza nelas de xentes que levaban a denominación de Brigantes. Así Tácito falou do pobo dos Brigantes que vivían no norte da actual Inglaterra e que se enfrentaran ás lexíons romanas comandados pola «raíña» Cartimandua. Igualmente Ptolomeo deixou memoria dunhas xentes co mesmo nome que habitaban en Éire. Aínda que os escritores antigos non estableceron ningunha relación entre eses dous pobos insulares de idéntica denominación, correspondeu aos anticuarios británicos e irlandeses, dende o século XVI en diante, especular cos posíbeis vencellos e parentescos entre ambos.

Para a Gallæcia, pola contra, ningunha das fontes clásicas chegadas até nós incluíu entre os habitantes do seu territorio unhas xentes denominadas Brigantes, a pesar de que si existía dentro dos seus límites unha poboación co nome de Brigantia. Malia o silencio das fontes ao respecto, o certo é que dende o século XVII os autores que trataron das *antigüidades* galegas comenzaron a incorporar a uns Brigantes galaicos entre os pobos da Galiza antiga. Non é difícil imaginar como se chegou a iso. O máis probábel é que os anticuarios da época moderna inventasen para a Gallæcia un antigo pobo dos Brigantes inspirados no nome da cidade galaica de Brigantia. A isto hai que engadir que os que así actuaron quizais se inspiraron tamén nas noticias verbo dos Brigantes de Éire e de Inglaterra, polas que ficaba claro que noutrora existiran varios pobos con ese etnónimo, aos que se podían sumar agora os da Gallæcia.

Así foi que as mencións á Brigantia galaica e aos Brigantes insulares nas fontes clásicas se converteron na «materia prima» coa cal se artellou un relato histórico acerca das relacións atlánticas na Antigüidade. O argumento do relato era sinxelo: dado que na Gallæcia existiu unha poboación chamada Brigantia, os seus habitantes deberon denominarse Brigantes; e xa que en Irlanda e Britania habitaban unhas xentes chamadas Brigantes, non semellaba moi aventurado supor que estas derivaban dos Brigantes galaicos. Foi esta, cando menos, a opinión adoptada polos anticuarios galegos. Porén cómpre sinalar que o protagonismo dos Brigantes galaicos foi secundario á hora de afirmar a existencia de

relacións históricas entre Galiza e Irlanda. Na historiografía galega dos séculos XVII e XVIII foi máis frecuente citar as viaxes dos Brigantes para sostener que os galaicos participaran no poboamento de Inglaterra e Escocia. En troques o poboamento de Éire ficaba reservado para os Yernos, como se verá máis adiante.

Nos escritos dos autores galegos desa época as conexións entre Galiza e Irlanda por medio dos Brigantes sempre ficaron esvaídas. Como xa se viu nun apartado anterior, algúns relacionaron os Brigantes co mítico rei Brigo. Mauro Castellá, por exemplo, fixo derivar de Brigo os Brigantes que vivían na costa setentrional galega, mais nada dicía das viaxes destes. En troques os irmáns Boán si lembraban que tanto os Siloros como os Brigantes marcharan de España a colonizaren as terras de Inglaterra, engadindo tamén que os Brigantes do rei Brigo se asentaran en Irlanda. Pero na obra dos Boán non se daba unha relación clara e expresa entre os Brigantes e Galiza, ou entre eles e a cidade de Brigancio fundada por Brigo.

Por fin, xa no século XVIII, Paschasio Seguín fixo explícito o vencello que había entre os Brigantes galegos, antigos habitantes das terras da bisbarra de Bergantiños, e a illa de Irlanda. El afirmou claramente que as xentes galegas dese nome se asentaran no territorio irlandés. Ademais os mesmos Brigantes ou Britanos foran poboadores de Inglaterra e de Escocia, e deles a illa de Britania derivaba o seu nome. Seguín continuaba a relacionar os Brigantes co personaxe do rei Brigo herdado de Annio de Viterbo, precisamente nun momento no que encetaba unha reacción irreversible contra ese tipo de fábulas presentes na historiografía das dúas centurias precedentes.

Exemplo de postura crítica cara a elas foi a de Francisco Javier Huerta y Vega, quen no primeiro volume dos seus *Anales de el Reyno de Galicia* (1733) rexeitaba os personaxes fabulosos de Brigo e de Gatelo. Refugando a Gatelo Huerta desbotaba sobre todo un posíbel vincullo con Irlanda. Porén el pensaba tamén que ainda se podían rastrexar algúns indicios que demostraban a realidade do poboamento de Éire e de Britania polos galaicos, indicios que se achaban tanto nas fontes clásicas como no estudo das etimoloxías. Por iso acodía á historia dos Brigantes e dos Yernos, dous pobos da Galiza antiga. Verbo dos primeiros, Huerta coidaba que eran un pobo que vivira nas cidades de Brigantio (Betanzos) e do Porto Brigantino (A Coruña), e que na Antigüidade se asentaran na illa de Britania. Deste acontecemento ficara un testemuño indirecto recollido polos autores clásicos, quen consignaran a denominación de Brigantes entre os nomes dos pobos que habitaran noutrora a illa. Con este dato tiña dabondo Huerta para sostener que a migración dos Brigantes dende Galiza a Britania fora unha realidade histórica.

Pero á hora de afirmar os vencellos entre Galiza e Irlanda, Huerta fixo recaer o protagonismo nos Yernos. A historia dos Yernos, polo tanto, é de maior interese para o tema deste artigo, pois foron eles os protagonistas habituais dunha serie de imaxinadas viaxes a Irlanda nas obras dos séculos XVI-XVIII. E como no caso dos Brigantes, os Yernos presentábanse como un pobo da antiga Galiza, a existencia dos cales se pretendía avalar por medio das fontes clásicas. Pero o certo é que os

Yernos foron unha creación serodia dos anticuarios españois, salientando de novo Florián de Ocampo.

A súa orixe e primeiras aparicións na historiografía áinda non están claras. Porén, sen entrar en moitos detalles, pódese conjecturar que o nome dos Yernos derivaba da transcripción errónea dun topónimo galaico incluído na *Chorographia* de Pomponio Mela. Con efecto na obra de Mela, e dentro dun fragmento no se que describía a costa occidental galega, facíase mención do río Læron (Lérez), o cal, xunto ao Ullam (Ulla), desembocaban onde estaba a cidade de Lambriaca. Pois ben, algúns dos manuscritos que transmitiron o texto de Mela a través das centurias medievais recollían a forma errónea *Ierno* en troques da correcta Læron. É aquí, neste erro dos copistas medievais, onde semella estar a fonte orixinal da denominación dos Yernos. E deste simple erro partiu a posterior invención dos Yernos como pobo da Gallæcia. Xa no século XVI o suposto río *Ierno* pasou a dar nome a outros accidentes xeográficos —un cabo ou promontorio— e finalmente o seu nome designou un antigo grupo humano que habitaba na costa occidental galaica. No resultado final dese proceso puido intervir decisivamente a confusión ou o paralelismo entre os nomes de *Ierno* e do cabo Nerio, sendo este un promontorio da costa occidental citado nas fontes clásicas e adoito identificado co actual cabo de Fisterra. Igualmente o feito de algúns autores antigos (Plinio e Mela) localizaren nas terras do cabo Nerio o pobo dos Nerios, axudou a inventar a uns Yernos que habitaban perto do río ou do cabo Yerno. Así o binomio orixinal cabo Nerio/pobo dos Nerios, presente nas fontes clásicas, dende o século XVI tivo o seu equivalente na conexión entre o promontorio Yerno e o pobo dos Yernos.

No *Paralipomenon Hispaniæ* de Joan de Margarit, redixido a finais do século XV, facíase mención do antigo promontorio Ierna, que se identificaba co actual cabo Prior. Mais Margarit nada dicía da existencia dunhas xentes chamadas Yernos. Estes Yernos si que aparecían na *Coronica* de Ocampo, onde se presentaban como un pobo que habitara na costa galega, dende Baiona até o cabo de Fisterra. Ocampo dicía que o cabo de Fisterra tivera na Antigüidade os nomes de promontorio Yerna, Nerio e Céltico. Na súa opinión os Yernos galaicos foron os poboadores da illa de Éire. Por esta razón a illa recibiu a denominación de Yerna e despois a de Irlanda, nome que orixinariamente quería significar «terra dos Yernos» (de Yer ou Yerno e *lant*, «terra»).

Esta relación entre os Yernos e Irlanda viña implicitamente apoiada en Ocampo por un dos paralelismos lingüísticos tan habituais nos escritos dos anticuarios. Tratábase neste caso da semellanza aparente entre o nome dos Yernos e o de Hierna ou Ierna, denominación que ás veces recibía Irlanda nos autores clásicos e que se adoitaba explicar a través do grego *hiera*, «sagrada». De aí que Éire recibise o alcume de Illa Sagrada. Esta semellanza fortuita constituía de feito o principal alicerce sobre o cal se erguía a historia da viaxe dos Yernos a Irlanda. Dela Ocampo concluía que o nome de Ierna proviña dos Yernos galegos, os supostos colonos da illa, asemade negaba expresamente a veracidade da etimoloxía que facía proceder Ierna do grego *hiera*.

Pero áinda existía outra posíbel fonte de inspiración para o relato de Ocampo acerca dos Yernos. Tratábase do poema latino *Ora Maritima* de Rufo Festo Avieno no que se describía unha navegación costeira polas augas da *oikoumene*. Nun fragmento do poema falábase de que os habitantes das illas Oestrymnicas adoitaban navegar coas súas barcas de coiro até a Illa Sagrada por motivos comerciais, supostamente traficando cos metais (estaño e chumbo) que abundaban nas primeiras. Ocampo insería este episodio da *Ora Maritima* dentro do seu relato sobre os Yernos. El localizaba unhas illas Estrinidas non lonxe da costa galega e identificaba a Illa Sagrada con Éire. Deste xeito establecía un paralelismo entre os habitantes das Estrinidas e os Yernos do litoral galaico, pois uns e outros realizaran viaxes a Irlanda na mesma época, áinda que Ocampo non deixaba claro se os dous conformaban un mesmo pobo.

Os mesmos elementos que conformaban o relato de Ocampo estaban presentes nas referencias aos Yernos que se contiñan na historiografía galega dos séculos XVII e XVIII. Na *Historia General del Reyno de Galicia* do xesuíta Juan Álvarez Soutelo contábase unha historia moi semellante á recollida na *Coronica* de Ocampo. Soutelo tamén falaba dos Yernos galegos que vivían na costa, dende Baiona a Fisterra. E dicía que os Yernos viaxaran até Éire e que alí se asentaran. Como proba disto estaban as pegadas que deixara o nome dos Yernos no territorio colonizado: o río irlandés Yerna, de idéntico nome a outro río galego que había na terras onde estaba o berce dos Yernos; e sobre todo o nome da illa, que despois da chegada destes pasara a se chamar Yerna ou Yverna, é dicir, «terra dos Yernos». Soutelo áinda engadía outro argumento máis que para el demostraba a existencia dun parentesco entre galegos e irlandeses dende que os Yernos se estableceran na illa. O novo argumento consistía en invocar as semellanzas que se podían dexergar entre os habitantes das dúas terras. Así era como el as concibía: «Apoyan esta verdad, las Aldeas, Casas, Castillos, i costumbres de los naturales [de Irlanda] en las partes Mediterraneas (qe. en la Maritima no hai cosa permanente con la mezcla de forasteros) mui semejantes, como me certificò un hijo de la Isla, a las Aldeas, Casas, etc. de Galicia, i no menos los sobrenombres de muchas familias propias de este Reino» (fol. 102r). Mais esta breve frase era todo o que el dicía ao respecto.

No XVIII foron varios os autores que se fixeron eco das viaxes dos Yernos galegos a Irlanda, entre eles Huerta, Seguín, Cornide e Sobreira Salgado. Nos *Anales de el Reyno de Galicia* Huerta localizaba os Yernos nas terras de Muxía e Vimianzo, baseándose expresamente na autoridade de Pomponio Mela, falando tamén do promontorio Yerno que el identificaba co cabo de Muxía. Partindo do axioma de que era universal opinión entre antigos e modernos «que los Españoles poblassen en la Isla de Irlanda», e tendo en conta que Irlanda se chamara Yerna na Antigüidade, como constaba nos autores gregos, e que na illa existiu tamén un río Yerno, Huerta concluía que foron os Yernos da Gallæcia os españois que nela se asentaran e habitaran.

Seguín, pola súa vez, recollía as teses de Huerta verbo da presenza dos Yernos galegos en Éire (Yerne) e xuntábaas coas historias sobre o rei Brigo e os Brigantes. Desa combinación resultaba un poderoso argumento a prol dos poboamentos que os antigos galegos fixeran en Irlanda, Inglaterra e Escocia, salientándose ademais a valentía daqueles que cruzaran o mar en barcas feitas de pelicas de animais e de vimios.

Joseph Cornide citaba os Yernos na súa argumentación destinada a demostrar que as illas Cassitérides das fontes clásicas se debían situar en augas de Galiza —que incluía na súa obra *Las Cassitérides, ó Islas del Estao, restituídas á los mares de Galicia* (1790). Cornide opinaba que as devanditas illas eran as mesmas que a *Ora Maritima* denominara Oestrymnias, e que el identificaba coas actuais illas de Arousa, Cortegada, Sálvora e Tambo. Dende as Oestrymnias/Cassitérides e dende o promontorio Oestrimnio, que era o actual cabo de Fisterra, os antigos galaicos navegaban con barcas de coiro até a Illa Sagrada, é dicir Hierna ou Irlanda. Unha distancia que cubrían en só dous días cando as condicións climáticas se amosaban favorábeis. Precisamente os Yernos eran os habitantes do promontorio Oestrimnio, e quizais tamén os das illas Cassitérides (aínda que isto Cornide non o afirmase explicitamente). Ademais Cornide identificaba os Yernos cos Nerios, facendo das dúas xentes un mesmo pobo. Polo tanto a conclusión que se tiraba de todos esos datos era que os Yernos poboaran Hierna no decurso das súas frecuentes viaxes á illa.

Finalmente o bieito Juan Sobreira, na súa obra manuscrita *Galicia Ilustre*, lembraba outra vez que Irlanda fora poboada polos iernos galegos, os cales viviran orixinariamente a rentes do río Ierna (que el identificaba co Umia). Dese feito histórico resultara o nome de Ierna que tamén levou a illa noutrora.

A última tentativa de basear nas fontes clásicas a historia do poboamento de Irlanda polos galegos atinxía aos Siloros ou Silures, aínda que estes só aparecían dentro do contexto das relacións Galiza/Éire na *Historia General del Reyno de Galicia* de Álvarez Soutelo. Nesta obra falábbase dos Siloros de Baiona, que organizaron unha expedición a Irlanda no ano 256 antes de Cristo. Soutelo opinaba que esta expedición foi moi posterior ás outras viaxes realizadas con anterioridade polos galegos, é dicir, aquelas dos Yernos e as dos descendentes de Gatelo. O obxectivo da mesma fora o de procurar novas terras para habitar, dado que Galiza estaba entón moi poboada e Irlanda, pola contra, tiña poucos habitantes porque as súas xentes marcharan en grande número a se asentaren na veciña Britania. Xa que logo o continxente de Siloros fixo o seu asento na illa e, consonte Soutelo, «*restituyeronla á su antiguo lustre*».

A noticia que deu Soutelo acerca das viaxes dos Siloros a Irlanda derivaba dunha interpretación particular das fontes clásicas e de Florián de Ocampo. Na súa *Coronica General de España* Ocampo presentara aos Syloros Montañeses como unhas xentes que habitaron nas terras costeiras de Asturias e de Cantabria e que cruzaron o mar en barcas de coiro para poboar o oeste de Britania e Irlanda. O relato de Ocampo resultaba da combinación e adaptación de dúas noticias

contidas nos autores clásicos: por unha banda Tácito, quen dixerá que os Silures do suroeste de Gales eran de ascendencia hispana, para o cal invocaban semellanzas no aspecto físico; e pola outra a *Ora Maritima*, que falaba de como as xentes das illas Oestrymnias viaxaban á Illa Sagrada en embarcacións feitas de coiro. Inspirándose nestas dúas noticias Ocampo artellaba a historia dos Syloros. Da mesma opinión ca el era o vasco Esteban de Garibay, no seu *Compendio Histórial* (1571), por máis que Garibay procuraba atribuir unha ascendencia vasca aos Syloros para aumentar así as glorias pasadas da súa patria.

Sen dúbida tamén foi este o motivo que animou a Soutelo a darlle unha orixe galega aos Syloros e a realizar unha nova reinterpretación da noticia dada por Tácito. Para incluir os Syloros dentro dos límites da Galiza antiga el invocabía como proba esencial o topónimo do cabo Silleiro, nas proximidades de Baiona. Fixaba así unha relación entre o topónimo e o nome dos Syloros que lle permitía considerar a estes como un pobo galaico, co cal se opuña ás opinións anteriores de Ocampo e Garibay. Máis unha vez, foron os paralelismos lingüísticos os argumentos que mellor funcionaban á hora de inventar ou de atribuir novos pobos para a historia antiga de Galiza.

## 6. CONCLUSÓNS

Cal foi o contexto no que xurdiron estes relatos que creaban uns vencellos xenealóxicos imaxinarios entre Galiza e a illa de Irlanda? Pódese dexergar unha conexión entre eles e o contexto político dunha época marcada pola axuda de España aos irlandeses que loitaban contra o dominio británico? Cómpre lembrar que dende as últimas décadas do XVI e ao longo do XVII unha grande cantidade de exiliados irlandeses procuraron refuxio en España, moitos deles na Galiza, e que as tropas españolas chegaron en varias ocasións a interviren (con pouco éxito) en Irlanda na loita contra os ingleses. Tendo isto en conta é lóxico que xurda o interrogante de se é posíbel deducir unha intencionalidade política nos relatos que relacionaban a Galiza, e en xeral a España, con Irlanda. Eran o resultado dun desexo consciente por reforzar simbolicamente —case se podería dicir, xenealoxicamente— unha alianza hispano-irlandesa contra Inglaterra?

Certamente esa intención en parte existiu. Albiscábase nalgúns exiliados irlandeses que procuraron a axuda do monarca español para loitaren contra os invasores ingleses. No *Compendium* de Philip O'Sullivan Beare, por exemplo, non era casualidade que se sinalase a descendencia hispánica dos gaélicos por medio da lenda de Ith e os milesianos. O mesmo vencello con España estaba presente tamén cando se afirmaba a predicación do apóstolo Santiago en Éire. Porén o principal argumento que invocabía O'Sullivan Beare non era de carácter xenealóxico, senón político-religioso: consistía en presentar a guerra contra Inglaterra como unha cruzada religiosa dirixida contra os protestantes que atacaban os católicos irlandeses, guerra na que España tiña o deber moral de participar,

dado que a monarquía española posuía a condición de ser a principal defensora da fe católica, tanto en Europa como alén mar, nas colonias de América (cf. CARROLL, 1999).

Por parte dos autores españoles o interese por emparentarse cos irlandeses era menos evidente ou menos urgente. Cando menos era isto o que se deduce do carácter secundario e estereotipado que tiñan na historiografía aquelas referencias ás relacións con Éire. Outra proba diso pode ser a ausencia de pegadas das lendas gaélicas nas obras españolas, malia que o seu coñecemento fose posible a través do contacto cos irlandeses no exilio. É certo que as mencións ás relacións con Irlanda foron constantes durante os séculos XVI-XVIII, se ben estas tiveron como protagonistas os personaxes inventados polo Viterbense (Brigo e Ibero) ou ben os pobos dos Syloros, Brigantes e Yernos, e non os personaxes do *Lebor Gabála*. Hai que dicir ademais que esas figuras que eran propias da historiografía hispánica fixeron a súa aparición na mesma a comezos do XVI, nomeadamente na *Coronica* de Ocampo, é dicir, cando aínda non existía unha política pro-irlandesa en España que xustificase un interese especial pola historia da illa e pola xenealoxía dos seus habitantes. Polo tanto estes indicios non están a sinalar a existencia dun interese particular entre os historiadores españoles na creación duns vencellos xenealóxicos cos irlandeses, e aínda demostran menos que as lendas irlandesas puideron contribuir a iso (agás os casos excepcionais como o de Pardo Villarroel).

Porén a intervención da monarquía española nos asuntos irlandeses durante o XVII posibelmente si tivo que ver coa popularidade que nesa centuria acadou a lenda que defendía a evanxelización de Irlanda por parte do apóstolo Santiago após a súa predicación na península. Presente nalgúns dos falsos «cronicóns», por exemplo os atribuídos a Flavio Dextro e a Julián Pérez, a lenda espallouse entre aqueles autores que fixeron uso deles, moitos dos cales foron galegos. Pero con ela non se defendía tanto o parentesco xenealóxico entre españoles e irlandeses, senón que se puña a énfase no feito de os dous pobos compartiren a fe católica, o que derivaba á derradeira dunha mesma predicación apostólica. Polo tanto o que se sobranceaba neste caso non eran os vencellos étnicos, senón o factor relixioso, que foi moito máis importante cós primeiros durante a Idade Moderna.

No caso galego tampouco non é posibel establecer un nexo directo e claro entre os relatos verbo das relacións Galiza/Irlanda e o contexto político contemporáneo, a pesar de que Galiza xogou ás veces un papel clave nas accións emprendidas pola monarquía española en relación a Irlanda. A isto hai que engadir que grupos más ou menos numerosos de irlandeses residiron até o século XVIII nas cidades da Coruña e Compostela, onde tamén existiu un Colexio de Irlandeses vencellado coa universidade e finalmente dirixido polos xesuítas<sup>7</sup>. Aínda así, a

<sup>7</sup> Acerca da presenza de irlandeses en Galiza véxase GONZÁLEZ LÓPEZ (1980) e REY CASTELAO (2000). Sobre o Colexio de Irlandeses cf. COUSELO BOUZAS (1935) e RIVERA VÁZQUEZ (1989).

pegada das tradicións irlandesas foi mínima na historiografía galega anterior ao XIX. Durante os séculos XVII e XVIII Gatelo ocupou no pasado galego o lugar que lle correspondería a Breogán e os Yernos xogaron o papel que lles estaba asignado aos milesianos nas lendas irlandesas.

Na historiografía desa época os relatos que falaban do poboamento de Irlanda polos galegos tiñan unha clara finalidade apoloxética. Eran consignados porque lembraban as fazañas e conquistas dos antigos galegos, da mesma maneira que se contaban outros feitos semellantes, como eran o asentamento dos Brigantes e dos Siloros en Escocia e Inglaterra, ou ben as conquistas dos galaicos en terras de Asturias, norte de Castela e Portugal. Neste sentido as referencias a Irlanda funcionaron como *topoi*/habituals na historiografía do XVII e XVIII, a cal sen dúbida se distinguíu polo seu carácter repetitivo. Pero na maioría dos casos non se pode dexergar nelas ningunha trascendencia particular que as sobrancease porriba doutras fazañas que tamén eran propias da historia antiga de Galiza, tal e como esta se concibía por entón. A mención das relacións con Irlanda tiña moito de rutineira e con ela non se daba a entender un desexo de salientar o parentesco especial dos galegos, e dos españois en xeral, cos irlandeses.

Con todo si é posíbel sinalar unha excepción a esta escasa trascendencia do tema irlandés na historiografía galega anterior ao XIX. Esa excepción atopámola nos escritos dos xesuítas Benito Vázquez e Juan Álvarez Soutelo, quen deberon ter contactos cos alumnos do Colexio de Irlandeses cando exerceron como profesores en Compostela. Estes dous xesuítas foron os autores que lle deron unha meirande importancia á cuestión das relacións históricas entre Galiza e Irlanda. É certo que eles explicaron esas relacións utilizando a lenda de Gatelo, tirada das crónicas escocesas, e non as lendas do *Lebor Gabála*, que seguramente coñecían os irlandeses que asistían ao Colexio. Mais tamén é verdade que Vázquez e Soutelo foron os autores que relataron con máis detalles e con meirande extensión a historia de Gatelo e dos seus descendentes que reinaron en Éire. E a isto hai que engadir os outros relatos que tamén mencionaban as conexións dos galegos coa illa mediante os Yernos e os Siloros, así como a historia do rei Gurguncio citada por Vázquez.

Polo tanto resulta moi probábel que o interese amosado polos dous xesuítas verbo das relacións con Irlanda derivase da relación con exiliados irlandeses en Compostela. O propio Soutelo mencionaba a información que lle fornecera «*un hijo de la Isla*» verbo das semellanzas que se podían dexergar entre os costumes e os nomes das xentes de Irlanda e de Galiza, o que indicaba que algúns dos irlandeses que residían en Galiza mantíñan a ficción da existencia dun parentesco entre os irlandeses e os galegos. E ese parentesco xa fora suxerido por certos anticuarios da illa, por exemplo Geoffrey Keating, con base no *Lebor Gabála Érenn*. Ademais hai que ter en conta que durante os anos en que Vázquez e Soutelo redixiron as súas obras —respectivamente, mediados do XVII e os anos finais desa centuria ou os primeiros da seguinte— a represión na illa agravárase especialmente logo das vitorias de Oliver Cromwell e de William de Orange sobre

os irlandeses alzados de novo contra os británicos. Non sería estranxo, xa que logo, que nese contexto os dous xesuítas quixesen salientar o parentesco entre galegos e irlandeses, dous pobos que compartían idéntica orixe e unha mesma relixión. Porén nin Vázquez nin Soutelo facían explícita unha intencionalidade política contemporánea, a prol dunha axuda a Irlanda, dentro do seu discurso histórico.

Non quero deixar de salientar de novo o feito paradoxal de que os dous xesuítas que estiveron en contacto co Colexio de Irlandeses non recolleesen as tradicións do *Lebor Gabála* para afirmaren as relacións de España con Irlanda, como fixeran antes O'Sullivan Beare e Pardo Villarroel. É unha ironía que Vázquez e Soutelo continuasen falando de Gatelo, cando este personaxe xa non tiña cabida nas tradicións irlandesas e mesmo era rexeitado polos anticuarios da illa. Tamén é un paradoxo que Vázquez citase a Richard Stanihurst e a lenda de Gurguntius —noticia que quizais lle comunicaron os propios irlandeses—, tendo en conta que esta era refugada polos historiadores nativos e que Stanihurst era moi criticado polas súas opinións negativas verbo da poboación gaélica e da súa cultura (cf. CUNNINGHAM, 2000).

Xa que logo, malia as súas posíbeis conexións cos exiliados irlandeses, non se pode considerar nin a Vázquez nin a Soutelo como os introdutores das tradicións gaélicas sobre Breogán na historiografía galega. Pola contra os dous xesuítas continuaron facendo referencia a Gatelo, algo que viña sendo frecuente noutros autores galegos do XVII, se ben foron eles os que desenvolveron con máis detalles e extensión a lenda escocesa sobre o príncipe grego fundador da cidade galega de Brigancia.

Finalmente cómpre rematar este artigo insistindo nunha característica importante que presentaban os relatos acerca das relacións Galiza/Irlanda recollidos na historiografía galega da época moderna: o feito de que esas relacións non se concibisen dende unha perspectiva «celtista». A ausencia de calquera mención aos celtas no contexto das viaxes dos galegos a Irlanda é tanto más significativa se se ten en conta que os celtas xa estaban presentes na historiografía galega dende o século XVII (cf. PEREIRA GONZÁLEZ, 2003 e 2004). Mais a realidade era que ningún dos protagonistas do poboamento de Irlanda dende Galiza foron cualificados de celtas: nin Gatelo, nin os Brigantes, Yernos ou Siloros. Os diferentes pobos celtas que os anticuarios de entón imaxinaron habitando nas terras galegas nada tiñan que ver coas viaxes á illa. Foi José Verea Aguiar, na súa *Historia de Galicia* (1838), o primeiro en concibir o poboamento de Irlanda polos galegos en termos das migracións dos celtas galaicos a outra terras. A el seguiron outros, até que Vicetto e Murguía introduciron o personaxe de Breogán, xa convertido nun celta da Gallæcia.

Polo tanto era a ausencia dos celtas nos relatos anteriores ao XIX, máis que a ausencia de Breogán, a principal diferenza que se erguía entre eles e a historiografía decimonónica, onde os celtas pasaron a se converter nos auténticos protagonistas das viaxes dos galegos a Irlanda, fosen estas realizadas por Breogán e os milesianos, polos Brigantes ou polos Yernos.

## BIBLIOGRAFÍA

- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1988): «A Historia da Historia. Aproximación a unha historiografía galega (séculos XVI a XIX)» en CASTRO, X. e J. de JUANA (eds.), *IV Xornadas de Historia de Galicia. Historiografía Galega*. Ourense. Deputación Provincial; pp. 17-78.
- CAREY, J. (1993): *A New Introduction by John Carey to Lebor Gabála Érenn*. Dublin. Irish Text Society.
- CARROLL, C. (1999): «Irish and Spanish cultural and political relations in the work of O'Sullivan Beare» en MORGAN, H. (ed.), *Political Ideology in Ireland, 1541-1641*. Dublin. Four Courts Press; pp. 229-253.
- COUSELO BOUZAS, J. (1935): *El Colegio de Irlandeses de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela. Imprenta do Seminario Conciliar.
- CUNNINGHAM, B. (2000): *The world of Geoffrey Keating. History, myth and religion in seventeenth-century Ireland*. Dublin. Four Courts Press.
- FERGUSON, W. (1998): *The Identity of the Scottish Nation. An Historic Quest*. Edinburgh. Edinburgh University Press.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, E. (1980): *La Galicia de los Austrias*. A Coruña. Fundación Barrié de la Maza.
- LEERSSEN, J. (1997): *Mere Irish and Fíor-Ghæl. Studies in the Idea of Irish Nationality, its Development and Literary Expression prior to the Nineteenth Century*. Notre Dame, Indiana. University of Notre Dame Press [1<sup>a</sup> ed. 1986].
- MORGAN, H. (2001): «Un pueblo unido...: the politics of Philip O'Sullivan Beare», <<http://www.ucc.ie/acad/classics/CNLS>>.
- PEREIRA GONZÁLEZ, F. (2002): «O príncipe Gatelo, fundador de Brigancia: un 'precursor' de Breogán na historiografía galega», *Gallæcia*, 21; pp. 317-343.
- (2003): «Primeiras referencias aos celtas na historiografía galega», *Gallæcia*, 22; pp. 441-469.
- (2004): «O celtismo na historiografía galega do século XVIII», *Gallæcia*, 23; pp. 221-249.
- REY CASTELAO, O. (2000): «Inmigrantes irlandeses en la Galicia del período moderno» en VILLAR GARCÍA, M<sup>a</sup> B. (coord.), *La emigración irlandesa en el siglo XVIII*. Málaga. Universidad de Málaga; pp. 185-205
- (2003): *Libros y lectura en Galicia. Siglos XVI-XIX*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.
- RIVERA VÁZQUEZ, E. (1989): *Galicia y los Jesuitas. Sus colegios y enseñanza en los siglos XVI al XVIII*. A Coruña. Fundación Barrié de la Maza.
- RODRÍGUEZ MONTEDERRAMO, J. L. (2002): «Gondomar y la Historia del Reino de Galicia: Estudio y edición del borrador de la Corónica grande del reino de Galicia de Atanasio de Lobera» en CÁTEDRA, P. M. e M<sup>a</sup>. L. LÓPEZ-VIDRIERO (dirs.), *De Libros, Librerías, Imprentas y Lectores*. Salamanca. Universidad de Salamanca; pp. 321-363.